



## A hora de Ãfrica?

### Description



**A clave para Ãfrica estriba en cÃ³mo Occidente estÃ¡ disposto a calcular a sÃ³a importancia e baixo quÃ© parÃ¡metros de cooperaciÃ³n. Neste sentido, poucos avances poden esperarse, tomando en conta os acontecementos dos derradeiros meses. Basta observar a recente ofensiva en Somalia contra os grupos yihadistas islamitas, con apoio de EtiopÃ¡a, que evidenciou a importancia que posÃ³e Ãfrica occidental dentro da estratexia antiterrorista de Washington.** (Foto: Milicias leais ao goberno somalÃ¡ entrando na capital Mogadiscio, durante a ofensiva de decembro pasado contra as tropas islamitas da UniÃ³n de Tribunais IslÃ¡micos).

O interese occidental pola crise que vive Oriente Medio e o ascenso de Asia como futuro polo de poder ocultan a atenciÃ³n que Ãfrica reclama para o mundo neste 2007. O momento luce decisivo para o continente africano dentro dunha conxuntura complexa, reflectida ante a necesidade de aplicar con decisiÃ³n os Obxectivos do Milenio expostos no 2000 polo ex secretario xeral da ONU, o ganÃ³os Kofi Annan.

En materia polÃtica, o 2007 serÃ¡ ano electoral en Ãfrica, tan clave como o 2006 foi para AmÃrica Latina. Estes procesos electorais determinarÃñn o futuro polÃtico do continente para os prÃ³ximos anos. A mÃ¡is importante cita electoral, no caso de que finalmente logre celebrarse, terÃ¡ lugar en outubro en CÃte d'ÃIvoire, cuns esperados comicios presidenciais que poden consolidar un proceso pacÃfico de transiciÃ³n de posguerra civil.

Un total de dez paÃses irÃñn Ã¡s urnas neste ano, entre elecciÃ³ns presidenciais e lexislativas: Senegal, BenÃn, Mauritania, Nixeria, Mali, Burkina Faso, Alxeria, CamerÃ³n, Serra Leona, Marrocos, e Quenia. Resulta tamÃ³n importante considerar

que estes procesos electorais están determinados polos resultados das eleccións presidenciais de abril e maio en Francia, principalmente de cara a súa influencia na África francófona. Neste sentido, a candidata socialista Segolène Royal xa adiantou, quizais en clave electoral, cal será a súa prioridade en política exterior: África e os seus problemas.

En materia de eventos, pode que a conxuntura actual determine a importancia que ocupará o continente africano para os centros de decisión do poder mundial. Son os casos do Foro Social Mundial de Nairobi e o seu impacto para os grupos alterglobalización; o cumio entre África e Francia ou as xuntanzas rexionais da Liga Árabe e dos xefes de Estado africanos. Con estes foros, África busca consolidar unha dinámica propia de mecanismos de integración interna e externa.

A este proceso engádense o ascenso de potencias rexionais como África do Sur ou Nixeria e a importancia que países como China, India, Xapón, Brasil, Irán e Venezuela están outorgando a África, o cal supón un cambio acertado cara a conformación dun mundo pluripolar que permitirá ao continente incluír as súas demandas con maior forza nos foros internacionais e non só centrar a súa importancia baixo determinados asuntos xeopolíticos.

Pero a clave para África estriba en cómo Occidente está disposto a calcular a súa importancia e baixo qué parámetros de cooperación. Neste sentido, poucos avances poden esperarse, tomando en conta os acontecementos dos derradeiros meses. Basta observar a recente ofensiva en Somalia contra os grupos yihadistas islamitas, con apoio de Etiopía, que evidenciou a importancia que posúe África occidental dentro da estratexia antiterrorista de Washington.

Os recentes informes sobre a proliferación de grupos yihadistas en Malí, alí radicados probablemente ante a perda dun territorio estratégico como Somalia, seguramente centrarán a atención de Washington e os seus aliados en crear un mecanismo de seguridade colectiva que entorpeza os verdadeiros problemas que desangran a África: a pobreza e a fame, as crises humanitarias (Sudán), o atraso socioeconómico, a emigración masiva, o impacto de epidemias como a SIDA, a proliferación de guerras tribais (Côte d'Ivoire, Congo, Nixeria, Serra Leona, etc), os desaxustes democráticos e de cooperación exterior.

Todo isto sen esquecer a influencia nos acontecementos políticos africanos provocados polos intereses económicos occidentais cara a súas materias primas, principalmente o petróleo, minerais e diamantes, e a irresolución de conflitos de longa data como o estatuto para o Sahara occidental.

África merece a atención global alí dos seus seculares problemas internos. En 2007 ou afronta este reto, ou afondarase o tradicional esquecemento mundial cara o drama do continente africano.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS**

África ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Date Created**

Febreiro 13, 2007

### **Meta Fields**

**Autoria :** 3713

**Datapublicacion :** 2007-02-13 00:00:00